

Corral sitúa ó home no centro da súa novela

O escritor coruñés José Alberto Corral Iglesias sitúa ó ser humano como elemento protagonista da súa primeira novela, *Do lusco-fusco*, que presentou onte en Lugo. É un ser humano “sinxelo, humilde, un anónimo protagonista da existencia”. Autor de tres libros de poesía, optou desta volta pola narrativa “porque precisaba contar isto en voz alta e a escrita demandaba a narrativa”; esa demanda veulle da “necesidade de non esquecer ós bos e xenerosos que coñecín e na de axustar contas coas xentes que fan a escuridade cos pobres”. Diferencia que “un é posuído pola palabra” na lírica, mentres que na prosa “a colles como argamasa para darlle forma”. Corral cualifica de “valente” a decisión de Baía de editar o seu libro por estar escrito en reintegrado e se laia de que “a situación dos que usamos a normativa de Agal non mudou, seguimos bloqueados polas institucións”.

